

BANDO INFORMATIVO

**Don Andrés Montesinos Rodríguez,
Alcalde-Presidente do Concello de Viana do Bolo**

INFORMA:

A todos os veciños e veciñas do Concello de Viana do Bolo que se está a levar a cabo o cambio dos contadores de auga tradicionais por contadores intelixentes.

Este proxecto realízase no marco dunha subvención (convocatoria 2022) en réxime de concorrència competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE de dixitalización do ciclo da auga), incluída no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU.

A actuación forma parte do proxecto denominado **“OU-Intelixente: provincia da auga”**, que busca modernizar e optimizar a xestión da auga en varios concellos da provincia de Ourense, entre eles, o noso municipio.

A instalación dos novos contadores intelixentes permitirá unha lectura máis eficiente e precisa do consumo, contribuíndo á detección temperá de fugas, á mellora na facturación e á conservación dos recursos hídricos.

Solicítase a colaboración da veciñanza para facilitar os traballos de substitución que se están a realizar por fases, segundo o calendario establecido polos servizos técnicos.

Para calquera dúbida ou aclaración, poden dirixirse ás oficinas do Concello ou contactar a través dos medios habituais.

En Viana do Bolo a 9 de xullo de 2025,

O Alcalde. Don Andrés Montesinos Rodríguez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

SELO DE ÓRGANO 2024 (1 para 2)
Concello de Viana do Bolo
Data de Sinalura: 09/07/2025
HASH: e4a115d34f587de9111925aa22f9e1



Andrés Montesinos Rodríguez (2 para 2)
Alcalde
Data de Sinalura: 09/07/2025
HASH: 67a99482c5953b9d505aa163af5186df



ALCALDIA
Número: 2025-0503 Data: 09/07/2025

Cod. Validación: 3pZ4596ME22ER7DYHLW65TP5D
Corrección: <https://vianadobolo.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

